

mulleres e políticas públicas

Lexislacións igualitárias: Eficácia ou eufemismo?

mulleres políticas pú

Mulleres e Políticas Públicas

Lexislacións igualitárias: Eficácia ou eufemismo?

1 e 2 de Febreiro de 2002

Auditório de Galiza. Santiago

Edita: FUNDACIÓN GALIZA SEMPRE
Avda. Rodríguez de Viguri 16, baixo. 15702 Santiago

Coordinación: Xabier Macías

Organización: Begoña Ares, Tereixa Novo, Paula Castro,
Chus Montoya, Josep Pera, Irune Zuluaga

Actas: Paula Castro, Begoña Ares

Traducción: Paula Castro

Supervisión lingüística: Yolanda Veloso

Diseño: uqui ||||| cebra

Impresión: Agencia Gráfica

Depósito Legal: C-2121-2002

Desigualdades e políticas públicas

M^a Xosé Agra Romero

Profesora titular de Filosofía Moral e Política na
Faculdade de Filosofía

Universidade de Santiago de Compostela



Comezarei remitindo-me ás interrogantes que aparecen no despregábel de presentación deste seminario: *Governa-se para a igualdade? Abonda cos avances no plano normativo? Que peso teñen as mulleres na toma de decisións políticas?*

O obxectivo é introducir algúns elementos de reflexión sobre a igualdade como centro das políticas públicas. O punto de partida non pode ser outro que o recoñecemento de que a igualdade non é un feito e que se ben, no plano xurídico-normativo, nas regras formais da nosa sociedade non se dá a discriminación e a exclusión explícitas, de aí non se segue sen máis que vivamos nunha sociedade igualitaria. O que me interesa resaltar non é o xa sabido, a distancia entre a igualdade formal e a real, senón incidir e insistir en que a igualdade é un conceito cambiante. Non é fixa e estática senón

problemática. Vai sempre unida á delimitación dun certo tipo de ser humano. A igualdade é un conceito normativo, non descriptivo e é relacional ou, se se quer comparativa. Normalmente atopamo-la cualificada: igualdade legal, política, social, económica, de oportunidades, de resultados, de capacidades... Polo tanto se é un conceito cambiante, relacional e normativo, teremos que saber a que igualdade nos estamos a referir, entendendo que subscreber, o que algúns denominan o «principio unívoco de igualdade simples» só é posíbel a forza de facer abstracción dos contextos significativos, e da complexidade da noción de igualdade.

O sentido máis radical da igualdade e o que ten un papel decisivo nas loitas pola igualdade refere-se á igualdade moral, ao compromiso universalista co igual valor de todas as persoas, que sustenta as demandas dun tratamento como iguais e non só un trato igual. A sua contrapartida non son as diferenzas senón aquelas diferenzas que xeren desigualdades, desigualdades que non se poden xustificar. Ser tratadas como iguais non quiere dizer ser tratadas o mesmo. Desde este conceito de igualdade, moralmente son arbitrarios ou froito do chou que nazamos cunhas dotacións naturais ou nunha determinada familia, ou nun determinado país. A discriminación, a opresión ou a dominación dan forma e sosteñen as desigualdades de poder, de bens e recursos. E polo mesmo, a igualdade exixe estar atentas, non só ás vellas formas senón tamén aos novos marcos de priviléxio, poder e discriminación. Desde esta perspectiva pode ver-se que as mulleres acadaron unha certa igualdade: a do trato igual no ámbito xurídico-normativo pero non un tratamento como iguais, ainda segue sendo certo (e comproba-se por desgraza coa violencia cotiá) que para moitos as mulleres non son ainda seres humanos iguais.

Cumpre asimesmo lembrar a importancia do famoso lema «o persoal é político» no sentido de que, como fai anos subliñou C. Pate-man, «chama a atención das mulleres sobre a maneira en que se nos insta a contemplar a vida social en termos persoais, coma se se tra-

tase dunha cuestión de capacidade ou de sorte individual á hora de atopar un home decente co que casar ou un lugar axeitado no que vivir. As feministas fixeron fincapé en como as circunstancias persoais están estruturadas por factores públicos, por leis sobre a violéncia e o aborto, polo estatus de «esposa» por políticas relativas ao coidado das crianzas e pola asignación de subsídios... pola división sexual do traballo no fogar e fóra del. Polo tanto, os problemas «persoais» só se poden resolver através de meios e accións políticas» (1983/1996). Os problemas, as desigualdades que dificultan a plena participación, representación e toma de decisións no que atinxen ás mulleres non son persoais senón estruturais, institucionais, e igualmente descansan nas prácticas e relacións sociais normais na vida cotiá. As políticas públicas, conseguientemente, han ter en conta isto, así como que as capacidades e as necesidades son diferenciais, non iguais.

As políticas públicas tentan paliar as desigualdades e, en xeral, apoian-se no principio de igualdade de trato, pero tamén introducen o trato diferencial co obxectivo de acadar unha maior igualdade (así, nas políticas fiscais os impostos progresivos responden a isto, introducindo un criterio redistributivo). No que atinxen ás políticas públicas que afectan ás mulleres, levamos xa suficientes anos de implementación destas políticas por medio dos Planos de accións para a igualdade de oportunidades (o primeiro Plano de acción para a igualdade de oportunidades en Galiza é de 1988), no entanto, e no caso de Galiza as cifras non deixan lugar a dúbida, segue sendo un reto a transformación das relacións sociais entre homes e mulleres. Como sinala Lourdes Méndez, analisando os devanditos planos en Galiza, un dos problemas con que nos atopamos e que no ámbito institucional adopta-se unha perspectiva de xénero que se entende como sinónimo de muller, unha perspectiva que non vai á raiz do problema, nomeadamente, ás desigualdades sociais existentes entre homes e mulleres, ás formas en que as desigualdades sociais e económicas poden afectar ainda que non haxa exclusións ou discriminación for-

mais, é dicer, ás relacións estruturais e aos impedimentos informais (estrutura informal) que as sustentan.

Xa que logo, máis que falarmos de igualdade en abstracto, á hora de pensar e formular os obxectivos das políticas públicas haberá que atender ás desigualdades que afectan as mulleres e tentar pór-lle remédio desde a perspectiva de que as mulleres non son, como indica Méndez, «o único sector da povoación sobre o que hai que intervir co fin de modificar as suas condicións de vida», o que hai que mudar son as relacións sociais, partindo dunha análise non abstracta senón centrada nos contextos significativos (por exemplo, unha muller pode gañar igual que un home pero segue sendo desigual no tempo se ao chegar a casa ten que encargar-se de todo, mentres o home ten unha muller na casa que llo faga), facendo unha avaliación séria dos resultados das políticas públicas. Dito doutro xeito e seguindo a nosa autora, non é suficiente con deseñar planos de acción para igualdade..., nem cursos de formación destinados a mulleres, non é suficiente con saber cal é a realidade sócio-económica das mulleres galegas, «hai que coñecer as claves do sistema sexo/xénero dominante, saber o que o devandito sistema permite ou imposibilita ás mulleres e incidir politicamente sobre o mesmo» (no prelo).

As desigualdades sociais estruturais dan conta das limitacións coas que se atopa a xente a respeito da sua libertade así como do seu benestar material, soninxustas. As demandas de xustiza e igualdade apontan «ás relacións estruturais de poder, á asignación de recursos e á hexemonia discursiva» (I. M. Young, 1990). As desigualdades implican relacións e procesos normais na vida cotiá, como xa apontamos, máis non só a respeito das desigualdades entre homes e mulleres, tamén en relación coas propias mulleres. Hai que atender as desigualdades e diferenzas entre mulleres. Se estamos a falarmos de xustiza social e política entón poden servir-nos de orientación ou de criterio os dous valores universalistas moi xerais, segundo Young, que presupónen o igual valor moral de todas as persoas:

- 1) desenvolver e exercer as nosas capacidades e expresar a nosa experiencia (autodesenvolvimento) e
- 2) participar na determinación da nosa acción e das condicións da nosa acción (autodeterminación). A Xustiza exixe que se garantran a todos e todas.

Asi pois, en primeiro lugar, após estas apertadas reflexións podemos establecer algunha resposta ás duas primeiras perguntas:

Governa-se para a igualdade?. Só poderemos respostar afirmativamente se facemos abstracción das desigualdades, de aí que máis que falarmos de igualdade debemos falar de desigualdades e políticas públicas. Das desigualdades que limitan o desenvolvimento e participación das mulleres na vida social, económica, familiar, política, tamén da crescente marxinación e pobreza, e falar das políticas públicas concretas que cabería adoptar, desde unha realidade que xa coñecemos sobradamente- cando menos, de acordo con L. Méndez, desde 1996 co *Informe. A muller galega no mercado de traballo (1985-1995)* e o *Informe do Valedor do Pobo, 1998*, as institucións políticas díponen de dados sobre a realidade social e laboral das mulleres galegas- E desde a certeza de que non hai unha única alternativa aplicábel aos diferentes contextos significativos. Cando menos, as políticas públicas deben dirixir-se a garantir o acceso a bens e recursos, a un certo grau de seguridade económica. As desigualdades non só se resolven xuridicamente senón politicamente.

En segundo lugar: *Abonda cos avanzaos normativos?* É óbvio que non, ainda que estes avanzaos sexan importantes, non abonda a menos que as políticas públicas se dirixan ás desigualdades, do contrário non farán máis que manter a distancia entre a igualdade formal e a real. Serán papel mollado, grandes declaracíons sobre o que hai que facer pero non se fai, se non hai políticas concretas destinadas a iso, e coido que se non hai mulleres dispostas a loitar por que se faga difficilmente se avanzará.

Podemos, por último, pasar rapidamente á terceira pregunta e ao problema da igualdade e inclusión política: que peso teñen as mulleres na toma de decisións políticas?

Habería que comezar por distinguir o peso que teñen no ámbito da representación política e na política formal, do ámbito da actividade política das mulleres tanto no ámbito formal como no informal. Pondo de manifesto que as mulleres foron e son activas na política informal, na política de «interpretación de necesidades», movéndose nos interstícios do público e o privado, moitas veces por intereses persoais ou domésticos. Mais do que se trata é de acadar que a participación activa das mulleres sexa unha práctica e non algo «accidental» e conseguir que as mulleres podan participar plenamente nas tomas de decisións políticas e na política formal. Hai que rachar co confinamento das mulleres á política informal (R. Lister, 1997).

Isto non é nada novo, está pensado, teorizado e experimentado na práctica, o que cabe deducir e que a respeito das mulleres e das políticas públicas a cuestión non está nunha boa ou mala política das ideas senón nunha axeitada política da presenza, chega lembrar que o movemento de mulleres chamou a atención sobre a fachenda que supón crer que se poden defender as ideas separadas da presenza, sobre todo partindo da constatación da baixa representación (A. Phillips, 1995). É óbvio que non estamos a falar dun asunto meramente estatístico, senón partindo da análise das estruturas de exclusión e discriminación existentes, e da necesidade de transformación da axenda política nos seus diferentes ámbitos. É dicer, da capacidade para incidir na dirección da política ou no contido das decisións. Dito doutro xeito, cambiar a composición dos corpos que toman as decisións muda o carácter dos temas e as políticas discutidas, implican-se más directamente no debate político e na toma de decisións políticas, contribui a mudar a axenda política. A presenza política debe entender-se nun contexto amplio, non só no aspecto da representación, desenvolvendo mecanismos de consulta, foros, comisións.

Trata-se de combinar ideas e presenza e, consecuentemente, non é unha cuestión de ter que agardar non se sabe moi ben o que no que atinxe ás mulleres, e tampouco pode desligar-se dos movementos de mulleres e da praxe feminista.

Non podo entrar, xa que seria exceder-me nesta intervención, nas consideracións que hai que facer en relación a como detentan o poder as mulleres que tan ben sintetiza Amelia Valcárcel: 1) polo momento, di-nos, o detentan sen a completa investidura, (2) coa exixéncia dos tres votos clásicos: pobreza, castidade e obediéncia e 3) de acordo coas virtudes clásicas do sexo femenino: fidelidade e abnegación (A. Valcárcel, 1997).

Neste terreo fica moito por avanzar, de aí que demande a solidariedade entre mulleres, non como virtude senón coma necesidade supervivencial.

Para rematar, temos que rachar cos círculos viciosos, coa pescada que se morde a cola, desestabilizando as relacións sociais e culturais que reforzan as desigualdades, indo cara a unha maior igualdade social e política, por medio de políticas públicas que contribuan a mudar os procesos e as relacións. Moitas escoitamos que o que pensamos, dicemos ou queremos non está mal pero é demasiado prematuro, non hai as condicións, pode ser que non sexa o momento para formular as nosas demandas ou que leven por unha pendente esvaradiza (agora as mulleres, e logo...?, A isto só cabe resposta empregando a inversión e apoioando-nos na ironía dun varón que, por descontado, non se está a referir ao noso tema:

Di Thomas de Quincey: «*se un comeza por permitir-se un asasinato, logo non lle dá importancia a roubar, do roubo pasa á bebida e á inobserváncia do dia do Señor, e remata-se por faltar á boa educación e por deixar as cousas para o dia seguinte*».

Que cada quen tire as suas conclusións.